



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2026. ACORDO DE CONCESIÓN DEFINITIVA

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2026, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día vinte e catro de xullo de dous mil vinte e seis, acordou:

Primeiro. *Aprobar o acordo de concesión provisional de premios a deportistas individuais, anualidade 2026, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base sétima e ao previsto na base terceira respecto da contía e distribución de premios, das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

Segundo. *O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

Terceiro. *Notificar o presente acordo provisional aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.*

De acordo co punto OITAVO. *Acordos de concesión e notificacións -Acordo de concesión provisional, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 161, do xoves 16 de xullo de 2026 (<https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/30-07-2026.pdf#page=2>) da notificación aos interesados do acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para a presentación de alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo (ACORDO PROVISIONAL DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2026)*

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de concesión provisional da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o vinte e catro de xullo de dous mil vinte e seis, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo *Premios deportistas individuais 2026 | Deputación de Lugo*.

Ao abeiro do previsto no punto OITAVO. *Acordos de concesión e notificacións, das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o citado acordo publicárase na paxina web da Deputación de Lugo Premios deportistas individuais 2026 | Deputación de Lugo.*

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 25 de agosto de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2313

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 24 de agosto de 2026, sobre cesamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que por Resolución da Presidencia de data 15 de xaneiro de 2026, nomeouse a D.^a Patricia Purificación Martínez Rey, Asesora Nivel III do Cadro de Persoal Eventual, con efectividade da mesma data, adscrita á Presidencia.

Vista a solicitude da interesada, de cese na prestación de servizos como Asesora Nivel III do Cadro de Persoal Eventual con efectividade do día 31 de agosto de 2026.

Considerando que a regulación dos ceses do persoal Eventual establécese de conformidade co sinalado no artigo 12.3 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que di:

“O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Igualmente o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala, en relación ao persoal eventual:

“O nomeamento e cese destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento”.

Á vista do sinalado, de conformidade co sinalado nos artigos 12.3 do EBEP e do 104.2 da LRBRL, propono que pola Presidencia da Deputación, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolva:

Cesar a D.^a Patricia Purificación Martínez Rey, no desempeño das súas funcións como Asesora Nivel III do Cadro de Persoal Eventual, deixando de prestar servizos a esta Deputación Provincial, con efectividade do día 31 de agosto de 2026, derradeiro día no que presta servizos efectivos con base no nomeamento sinalado.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, 25 de agosto de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2314

CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía 2026-0256, de data 27/08/2026, resolveuse a ampliación da apertura da bolsa de traballo temporal de auxiliares do servizo de axuda no fogar do Concello de Folgoso do Courel constituída por Decreto de data 10/05/2023 e convocar o proceso selectivo para a ampliación da referida bolsa, así como tamén aperturar a mesma de cara a actualización de méritos dos e das persoas que xa forman parte dela. O prazo para presentar as solicitudes correspondentes será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases encóntranse publicadas na sede electrónica do Concello.

Folgoso do Courel, 27 de agosto de 2026.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2326

LÁNCARA

Anuncio

Decreto.-

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona EMG e don AOC.

Considerando que a Encargada da Oficina Xeral do Rexistro civil de Málaga autorizou con data 22.05.2026 a delegación para que o alcalde do concello de Lánacara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro. Delegar no 1º tenente de alcalde don Pablo Rivera Capón a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona EMG e don AOC o día 05.09.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que o 1º tenente de alcalde actúa por delegación do alcalde.

Segundo. Comunicar esta resolución ao 1º tenente de alcalde delegado e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro. Dar conta desta delegación ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Lánacara, 24 de agosto de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2315

A PONTENOVA

Anuncio

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 27 de agosto de 2026, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal a tempo parcial de profesor/a de gaita, mediante contrato de substitución por vacante do posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, con destino á Escola Municipal de Música do Concello da Pontenova.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de A Pontenova en horario de 9.00 a 15.00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por correo electrónico correo.apontenova@fegamp.gal comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello da Pontenova <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0>

A Pontenova, 27 de agosto de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2327